



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia: Introducción á etnoloxía

Materia	Historia: Introducción á etnoloxía			
Código	O02G251V01102			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Profesorado	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Correo-e	beacomendador@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/my/">http://moovi.uvigo.gal/my/</a>			
Descrición xeral	Esta asignatura está concebida como unha introducción á etnoloxía e un achegamento aos modelos de interpretación das sociedades preestatais do pasado			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.			
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica			
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado			
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais			
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente			
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento			
D9	Traballo en equipo en diversos contextos			
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.			
D16	Coñecemento doutras culturas			

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico	A4	C13 C17	D10	
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	B3	C12	D5 D16	
Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos	A3	D9		

## Contidos

Tema				
1. Introducción	1.1. Conceptos e terminoloxía básica. 1.2. A noción de alteridade.			

2. As formas culturais e sociais.	2.1. Sexo, xénero, parentesco e comunidade. 2.2. As formas da economía. 2.3. As formas do poder. 2.4. As formas do conflito. 2.5. As formas dos simbolismo.
3. Os grandes modelos na interpretación do cambio histórico.	3.1. O espazo e o tempo como coordenadas de aproximación ao pasado. 3.2. As principais correntes nas explicacións do cambio cultural.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	23	25	48
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	0	30	30
Prácticas con apoio das TIC	6	5	11
Resolución de problemas	0	13	13
Seminario	7	5	12
Exame de preguntas obxectivas	1	8	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	7	10
Traballo	6	0	6
Observación sistemática	0	5	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades previas para coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións do alumnado.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia desta universidade
Traballo tutelado	O/A estudante, de xeito colaborativo e en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.
Traballo tutelado	Seguimento individualizado do traballo e os materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.
Seminario	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.
Resolución de problemas	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas obxectivas	O bloque I será avaliado mediante unha proba que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos, ou preguntas abertas cortas). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico	40	A4	C13 C17	D10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Relacionados con todos os bloques realizarase a resolución dunha serie de exercicios no prazo establecido polas profesoras. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	20		B3 C12	D5 D16
Traballo	Para avaliar os bloques II-III realizarase un traballo colaborativo con diversas actividades que finalizan na entrega dun documento. O traballo colaborativo será exposto por un dos membros do grupo elixido ao chou e a cualificación será igual para todos os membros do grupo. A avaliación será por pares, profesor e os propios alumnos que cubrirán unha ficha Resultados de aprendizaxe avaliados: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	30	A3	B3 C12	D5 D9 D16
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado. Resultados de aprendizaxe avaliados: Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico.	10	A4	C13 C17	D10

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- A Material Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, permitirá o acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.
- Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido.
- O estudantado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/a docente considere imprescindibles. No caso do alumnado semipresencial, as actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota.
- Para aprobar a materia, será preciso superar cada un dos bloques de avaliación da materia.
- O alumnado que non siga á modalidade de avaliación continua e que non realice a entrega de, como mínimo, o 80% das actividades prácticas nos prazos establecidos, pasará ao modelo de avaliación final.
- O seguimento individualizado da participación do alumnado (10%) será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios enlíña, etc.).
- O estudantado que elixa ser avaliado mediante a modalidade de avaliación global deberá comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo).
- O alumnado que non siga a avaliación continua será avaliado dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 90% da avaliación final, e que examinará a adquisición das competencias tanto teóricas como prácticas.
- Todos os estudantes matriculados na materia deben cumprir o seu compromiso de honestidade académica e respectar os dereitos de autor/a tanto á hora de empregar os materiais postos á súa disposición a través de Moovi, como en calquera tarefa, proba ou exame.
- Calquera indicio de plaxio será cualificado cun cero, entendendo por iso cando se copien no substancial obras alleas, o que inclúe todo tipo de material ou recurso suxeito a propiedade intelectual, desde ideas e imaxes ata softwares ou vídeos, entre outros, sen citarse debidamente dándoas como propias.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Bonte, P. e Izard, M. (dir.), **Diccionario de Etnología y Antropología**, Akal, 2005

Bohannon, P., **Para raros nosotros. Introducción a la antropología cultural**, Akal, 2005

Ember, C.F., Ember, M. e Peregrine, P., **Antropología**, Pearson Educacion, 2004

Geertz, C., **La interpretación de las culturas**, Paidós, 1989

Ingold, T. (ed), **Companion Encyclopedia of Anthropology**, Routledge, 1997

#### **Bibliografía Complementaria**

Geertz, C., **Los usos de la diversidad**, Paidós, 1996

Geertz, C., **El surgimiento de la Antropología posmoderna**, Gedisa, 1998

González Ruibal, A., **La experiencia del otro: una introducción a al etnoarqueología**, Akal, 2003

Guilaine, J. e Zammit, J., **El camino de la guerra: la violencia en el prehistoria**, Ariel, 2002

Hernando Gonzalo, A., **Arqueología de la identidad**, Akal, 2002

Johnson, A.W. e Earle, T., **La evolución de las sociedades desde los grupos cazadores-recolectores al estado agrario**, Ariel, 1984

Lévi-Strauss, C., **El totemismo en la actualidad**, Fondo de Cultura Económica, 1982

Lull, V., Micó, R., Palomar, P., Rihuete, C. e Risch, R., **Arqueología del origen del estado**, Bellaterra, 2007

Orme, B., **Anthropology for Archaeologists**, Duckworth, 1981

Sahlins, M., **Las sociedades tribales**, Labor, 1984

Sahlins, M., **Economía de la Edad de Piedra**, Akal, 1983

Service, E., **Los Cazadores**, Labor, 1973

Wolf, E., **Los Campesinos**, Labor, 1978

---

#### **Recomendaciones**

#### **Outros comentarios**

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Recoméndase que o alumnado coñeza as ferramentas dixitais básicas (procesado de textos, realización de presentacións, bases de datos, etc).